

Alternancias transitivo-intransitivo e formación de predicados en galego*

Francisco Cidrás Escáneo

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo deste traballo é o estudo das alternancias diatéticas entre predicados que admiten ambivalentemente construción transitiva e intransitiva, tal que o obxecto da transitiva aparece como suxeito da correspondente intransitiva. Distínguense tres tipos de estruturas que responden a esta alternancia, que se presentan como produto de tres tipos de regras de formación de predicados distintas. Faise unha caracterización dos tres tipos de predicados derivados en galego, con especial atención ás construcións medias anticausativa (de proceso) e asertiva (de estado). A presenza do clítico *se* nestas estruturas lévanos finalmente a unha caracterización de conxunto das construcións pronominais en galego, posta en relación cos procesos de formación de predicados detransitivados.

Palabras clave: transitividade, alternancias de diátese, construción media, construcións pronominais.

ABSTRACT

This paper provides an overall view of diathesis alternations among predicates allowing both a transitive and an intransitive construction, in such a way that the object of the transitive one correlates with the

Data de Aceptación: outubro de 2002.

A redacción orixinal deste traballo data de finais de 1999 e a investigación da que deriva foi realizada ó abeiro do proxecto *Sintaxe descritiva do galego* (DGCYT PB97-0531), que naquela altura desenvolviamos un grupo de investigadores do Instituto da Lingua Galega. O traballo tivo unha circulación restrinxida entre colegas e un avance, moi parcial, do mesmo foi presentado nunha comunicación no *Congreso Internacional de Lingüística "Léxico & Gramática"* celebrado na Facultade de Humanidades de Lugo en setembro do 2000, posteriormente publicado como Cidrás (2001). Decídome finalmente á súa publicación íntegra, con certas modificacións e as obrigadas actualizacións derivadas de tan delongado reposo, sen que estas supoñan mudanzas substanciais do contido.

subject of its intransitive counterpart. Three different patterns are identified in this alternation, corresponding to three different predicate formation rules. A characterization is given for all the three types of such derived predicates in Galician. Special attention is paid to middle (stative) and ergative (anticausative) constructions. The presence of clitic *se* in these constructions finally leads us to present a general picture of Galician pronominal constructions as related to detransitivised predicate formation devices.

Key words: transitivity, diathesis alternations, middle construction, clitic *se* constructions.

1. CUESTIÓNS XERAIS PRELIMINARES

Antes de aborda-lo estudio das alternancias de diátese transitivo-intransitivo e a caracterización das construcións sintácticas implicadas nelas, comezarei por lembrar certos principios lingüísticos universais relevantes no comportamento sintáctico das linguas naturais, que nos servirán para centra-lo tema e, de paso, para deixar delimitadas algunhas nocións básicas no desenvolvemento subseguinte do traballo.

En tódalas linguas se identifican tres tipos básicos de esquemas eventivos ou estruturas semánticas do enunciado, correspondentes a candanseu tipo de suceso ou estado de cousas que se pode dar, a saber: accións, procesos e estados (Universal Semático 6 de Moreno 1997: 165). Os estados son situacións non dinámicas, nas que as propiedades aplicadas a entidades permanecen estables durante todo o período de tempo a que se fai referencia. Procesos e accións refiren, por contra, sucesos dinámicos, que implican unha transición entre dous estados distintos: no caso das accións trátase dun cambio de estado desencadeado por un axente; no caso dos procesos trátase dunha transición que devén sen que se conciba ou se presente como provocada baixo control por ningún axente. Por exemplo:

- | | | | |
|-----|----|---|-----------|
| (1) | a. | Antón xoga. | (acción) |
| | b. | Antón empuxa a Luís. | (acción) |
| (2) | a. | Luís cae. | (proceso) |
| | b. | Luís sofre unha lesión. | (proceso) |
| (3) | a. | Luís está mancado (<i>ou</i> L. vive (= está vivo)). | (estados) |
| | b. | Luís coñece moito a Antón. | (estado) |

Asemade, tamén en tódalas linguas se distinguen dous tipos básicos de predicados, e daquela dous tipos básicos de predicacións nucleares: as monovalentes, en que o lexema predicativo require un argumento, e as bivalentes, en que o lexema predicativo require dous argumentos (Universal Sintáctico 1 de Moreno 1997: 195). Os pares (a-b) dos exemplos precedentes ilustran respectivamente ámbolos tipos, para cadanseu esquema eventivo dado. É evidente que a valencia dos predicados pode ser sensiblemente máis diversa e que son

factibles predicacións nucleares cun número maior de argumentos. Pero estas non teñen xa carácter básico, pois son analizables como redución ou expansión dos dous tipos básicos propostos. Por exemplo:

- | | | | |
|-----|----|---|---------------------|
| (4) | a. | Luís escribe poemas. | (2 argumentos) |
| | b. | Luís escribe. | (1 arg. ← 2 args.) |
| | c. | Luís escríbelle poemas á namorada. | (3 args. ← 2 args.) |
| (5) | a. | Luís vive / baila / corre. | (1 argumento) |
| | b. | Luís vive a vida / baila o vals / corre a carreira. | (2 args. ← 1 arg.) |
| (6) | a. | Luís colle as maletas. | (2 argumentos) |
| | b. | Luís leva as maletas desde a casa ó taxi. | (4 args. ← 2 args.) |

Sen embargo, as estruturas mono e bivalentes son universalmente tipos distintos, irreductibles entre si, de xeito que non toda estrutura transitiva se pode analizar como alargamento dunha intransitiva, nin toda intransitiva como redución dunha transitiva. Por exemplo: (6b) pode ser analizada como unha construción transitiva de propiedades idénticas ás de (6a) pero completada con dous argumentos adicionais esixidos polo predicado, que é tetravalente. Sen embargo (2a) *Luís cae* non pode ser vista como unha redución dunha construción transitiva como (1b) *Antón empuxa a Luís*, de propiedades sintáctico-semánticas radicalmente distintas; nin pode alargarse formando unha construción transitiva (ó xeito do que ocorre en (5)): **Luís cae unha caída*. Conclúese, pois, que as construcións transitiva e intransitiva son dous tipos de estruturas sintácticas básicas nas linguas.

Existen, non obstante, unhas interesantes pautas de transferencia de valencia entre estes dous tipos básicos: predicados transitivos sometidos a procesos de intransitivación, e outros intransitivos a procesos de transitivación. Destas alternancias constructivas é do que nos ocuparemos neste traballo¹.

Se tódalas predicacións fosen monovalentes, non habería problema ningún na identificación da función desenvolvida polo único argumento implicado nelas, precisamente por

1 Existe ademais outro tránsito de valencias entre os predicados monoactanciais inergativos (non-inacusativos, susceptibles de transitivarse (cf. 5)) e os biactanciais activos (cf. 4). Pero nestes casos non hai estrictamente un cambio de estruturas, senón unha única cunha dupla posibilidade de especificación, nun continuo gradual entre a mínima e a máxima esixencia do segundo actante. Por exemplo:

- | | | |
|----|-------------------------------|-------------------|
| a. | Luís chora (bágoas de dor) | esixencia mínima. |
| b. | Luís come (carne con patacas) | esixencia media. |
| c. | Luís precisa (a túa axuda) | esixencia máxima. |

De feito, algúns autores agrupan transitivos e inergativos nunha única clase, considerando que os inergativos non son intransitivos de seu, senón implicitamente transitivos (así, por exemplo, Radford 1997: 210). Non nos ocuparemos deste tipo de alternancias (vid., sobre elas, Vázquez *et al.* 2000: 125ss.), senón das previamente sinaladas, que envolven mudanzas na estrutura sintáctica das predicacións.

se-lo único incluído na información do marco predicativo. Pero como as predicacións tamén poden ser bivalentes (e, por extensión, de valencia superior, alargamento destas), resulta perentorio identifica-la función dos argumentos implicados, potencialmente confundibles (por exemplo, en [*tirar*: *Antón, Luís*], quén é o que tira e quén o que é tirado). Cómpre daquela manter diferenciadas as funcións das posicións sintácticas básicas das oracións básicas, que son para cada caso dúas (catro en total, pois). Identificarémolas convencionalmente, seguindo a Villar (1983) como A e P²; a saber:

- A actante único dos predicados intransitivos de acción
primeiro actante dos predicados transitivos
- P actante único dos predicados intransitivos de proceso ou estado
segundo actante dos predicados transitivos

Isto é, en esquema:

A		Exs.: <u>Antón</u> _A xoga; <u>Luís</u> _A corre.
A	P	Exs.: <u>Antón</u> _A empuxa a <u>Luís</u> _P ; <u>L</u> _A sofre <u>unha lesión</u> _P ; <u>L</u> _A coñece a <u>A</u> . <u>P</u> .
	P	Exs.: <u>Luís</u> _P cae; <u>Luís</u> _P está lesionado.


As diferentes linguas desenvolven diferentes estratexias de marcare das funcións destas posicións básicas, de acordo cuns cantos sistemas de casos, de entre os que os máis frecuentes son os bicasuais, e dentro destes, os sistemas ergativo-absolutivo e nominativo-acusativo. Esquemáticamente:



As linguas nominativas marcan os argumentos únicos das construcións intransitivas do mesmo xeito cós primeiros actantes das transitivas (en caso nominativo). As linguas ergativas marcan o actante único das construcións intransitivas do mesmo xeito cós segundos argumentos das construcións transitivas (en caso absolutivo). O interese levantado nas últimas décadas entre os lingüistas por estas linguas ergativas axudou se cadra a identificar nos restantes tipos de linguas (e nomeadamente nas indoeuropeas, as máis relevantes na historio-

2 Aínda que os signos A e P aluden ó prototípico carácter axentivo e paciente, respectivamente, das dúas posicións, non se debe confundir, repárese, a posición sintáctica A coa función semántica Axente: tal posición adoita estar ocupada maioritariamente por Axentes, pero tamén pode se-lo caso contrario. Ex.: *Luís sofre unha lesión* (A-Experimentador). Véxase ó respecto Villar (1983: 74-77), quen distingue entre axente sintáctico e axente semántico(-referencial).

grafía gramatical) unha clase de relación léxico-sintáctica que garda certa semellanza coa relación ergativo-absolutivo: trátase dun número considerable de verbos que se constrúen tanto transitiva como intransitivamente, de xeito que nas oracións intransitivas aparece como suxeito o obxecto da correspondente transitiva. Isto é:



Con frecuencia se ten aplicado o termo ergatividade a este tipo de alternancias que se dan nalgúns verbos (en boa medida a partir de Lyons 1968), a pesar da contundente opinión contraria dos estudiosos das linguas ergativas. As citas de Comrie (1978) ou Dixon (1987) son neste senso case tan reproducidas como finalmente ignoradas³:

If 'ergative' is used in this additional lexical sense, *every language has this kind of ergativity*. This would contrast with other, better established, uses of ergative... This usage must be deplored, since it can only serve to confuse unwary readers, and make it harder for them to appreciate the nature of morphological, syntactic and discourse ergativity (Dixon 1987: 7).

2. ALTERACIÓN DE VALENCIA: PREDICADOS DERIVADOS TRANSITIVADOS E INTRANSITIVADOS

Estas alternancias constructivas entre predicados que admiten ambivalentemente os esquemas transitivo e intransitivo, tal que o obxecto da construción transitiva aparece como suxeito da correspondente intransitiva, son precisamente o tema do que nos pretendemos ocupar. Cómpre distinguir en realidade tres tipos de estruturas que responden a esa alternancia pero que amosan un comportamento sintáctico diferenciado en cada caso (Cidrás 1990: 161, Martínez Vázquez 1996: 28-29):

- (8) a. O xeneral avanza as tropas.
b. As tropas avanzan.
- (9) a. O neno rachou a póla.
b. A póla rachou.

3 Vid. Martínez Vázquez (1996: 29-30) para unha panorámica da enorme dispersión –ás veces mesmo contradictoria– da terminoloxía empregada para nomear estas estruturas. O termo relativamente máis recorrente é o de ergatividade, que é o que emprega a propia autora, a pesar de lembra-lo rexeitamento que suscita.

- (10) a. Luís lava a súa camisa.
b. A camisa lava ben.

Non existe unha denominación asentada para referirse ó conxunto destes fenómenos, ós que ademais se lles ten prestado unha moi escasa atención no ámbito iberorromance, en comparación co anglosaxón⁴. Martínez Vázquez encóbreos co termo *ergatividade* (en realidade xeralmente aplicado só ó tipo (9)), con argumentos de pouco peso e máis ben parece que levada pola necesidade dunha denominación común para as tres construcións. En Cidrás (1990) denominabamos a tódolos correlatos intransitivos (8-10b) *construcións medias* (a pesar de que con frecuencia se emprega esta etiqueta só para o tipo (10b)), tamén pola necesidade de empregar un termo común. Ademais, dado que o suxeito destas tres estruturas intransitivas posúe necesariamente o trazo [+ afectado]⁵, a escolla axeitábase mellor á escasa tradición gramatical hispánica que aboa o termo ‘voz media’ asociándoo a unha especial “participación” ou “interese” do suxeito na acción expresada polo verbo.



Sen embargo, coido que non ten excesivo sentido caracteriza-las construcións intransitivas (8-10b) como tres subtipos dunha mesma construción (media), máis alá da súa correspondencia formal co esquema (7). A razón fundamental é que as construcións intransitivas (9b) e (10b) son estruturas derivadas verbo dos seus respectivos correlatos, pero en (8) é a construción transitiva (8a) a derivada, e por tanto é esta e non (8b) a que cómpre caracterizar e individualizar. Non ten sentido caracterizar (8b) como media, a menos que se faga así con tódolos verbos intransitivos non-inacusativos: *xogar, cantar, andar, saltar, rir*, etc. Pero daquela a denominación perdería toda a súa razón de ser, pois deixaría de estar asociada a unha alternancia ambitransitiva e nada tería que ver co que exemplifican a tríada de parellas (8-10).

Por contra, paréceme razoable, e sobre todo útil, mante-lo termo ‘construcións medias’ para denominar conxuntamente as construcións intransitivadas (9b-10b), que presentan comportamentos claramente diferenciados pero a partir dunha base común como predicados derivados con redución de valencia⁶. Isto é (o sombreado marca a construción derivada):

4 Véxase en Levin (1993: 25-31) unha panorámica do extenso tratamento destas construcións, xa desde vello, na tradición gramatical anglosaxona. No ámbito hispánico, á parte de referencias marxinais, ata onde eu sei o interese por estas estruturas é moi recente (tamén moi crecente, abofé) e adoita estar moi vencellado ós estudos gramaticais sobre o inglés: Martínez Vázquez (1996, 1998), Vázquez *et al.* (2000) ou, cun ámbito máis restrinxido, Moreno Cabrera (1984), González Romero (1996), Mendikoetxea (1999a,b), Catalá *et al.* (2002), Fernández *et al.* (2002).

5 Tamén en (8b) *as tropas*, argumento que consideraba afectado só en tanto que o seu avance é produto dun instigador: *o xeneral* en (8a). Cf. nota 6 infra.

6 O único argumento destas construcións medias (9b-10b) si posuiría o trazo [+ afectado] en termos absolutos, e non da maneira relativa en que lla atribuíamos ó suxeito de 8b (v. nota 5 supra), que fóra de contexto sempre se percibe como non afectado. O trazo da afección do suxeito das construcións medias (9b-10b) ten por contra unha longa e sólida raigame nos estudos sobre o tema, como sinala Demonte (1991: 56).



Resumindo, as alternancias de valencia entre estruturas mono e biactanciais resólvense en tres tipos de predicados derivados, que clasificamos binariamente do seguinte xeito:

- a) Predicados derivados transitivados (extensión de valencia). Sempre son accións. Ex.: (8a).
- b) Predicados derivados intransitivados (reducción de valencia). Son as construcións medias, con dous tipos distintos:
 - b₁) Medias anticausativas ou de proceso. Ex.: (9b).
 - b₂) Medias asertivas ou de estado. Ex.: (10b).

3. TRANSITIVIDADE DERIVADA POR EXTENSIÓN DE VALENCIA

A construción ilustrada polo exemplo (8a) amosa un peculiar tipo de predicado derivado por aumento de valencia, mediante unha regra productiva que forma predicados transitivos a partir de intransitivos. A extensión de valencia vén dada pola introducción dun novo argumento instigador (Iniciador, chamáballo Halliday 1967), que pasa a funcionar como Axente, provocando a democión do Axente primitivo á función de Meta, sen deixar marca ningunha na forma do predicado derivado (Dik 1997: 8-9). Isto é:

- (11) Transitivity
- input: [pred_V (x₁)_{AX}] Acción
- output: [pred-E_V (x₀)_{AX} (x₁)_{Met}] Acción
- sigdo.: 'x₀ fai que x₁ pred'

O risco -E simboliza unha marca abstracta que identifica o predicado saínte como derivado por extensión de valencia, e que en galego se actualiza na expresión final como marca cero. Como se le na formulación da regra, este tipo de derivación unicamente se dá a partir de predicados monoactanciais de acción (en ningún caso a partir de procesos ou estados) e o predicado derivado resultante segue a ser unha acción. Este trazo é un dos que caracterizan esta alternancia (tipo 8) fronte ás dúas restantes (9-10), pois estouttras implican necesariamente modificación de estado de cousas, como veremos.

Certamente, esta construción transitivada amosa en xeral un rendemento bastante cativo (tamén é, dos tres tipos vistos, o que menor interese gramatical suscita; vid. Levin

1993: 31). Esta limitada rendibilidade débese á competencia moi vantaxosa doutra construción, a causativa, que é a forma prototípica de extensión de valencia con idénticos efectos comunicativos e sen as restriccións desta. Mais as causativas implican xa a introdución dun auxiliar *facen* e van máis alá, por tanto, da mera alternancia ambitransitiva que agora nos ocupa.

Son, en efecto, bastante poucos os predicados básicos que admiten sen custo esta derivación transitivadora. Á parte da aludida restricción ós predicados de acción, adóitase cinguir basicamente a alternancia a determinados verbos de movemento (cf. p. ex. Levin, *ibidem*). Con todo, tamén se verifica con algúns outros verbos de actividade, como xa se ten posto de manifesto⁷. Aínda que en galego parece que teñen unha prevalencia máis restrinxida ca en inglés, pódense atopar predicacións derivadas consonte a regra (11) a partir de verbos como *avanzar*, *retroceder*, *recuar*, *pasear*, *correr*, *cabalgar*, *voar*, *bailar*, *adestrar*, *demitir*, *cesar*, en usos como os seguintes:

- (12) a. O xeneral avanzou / retrocedeu / recuou as tropas ata posicións máis seguras.
(← As tropas avanzaron / retrocederon / recuaron ata posicións máis seguras).
- b. A rapaza pasea o can polo monte Pedroso.
(← O can pasea polo monte Pedroso).
- c. O can correu polo monte uns nenos que lle tiraran pedras / correu dúas lebres.
(← Os nenos / as lebres correron polo monte).
- d. Un xenete cabalga unha fermosa egua preto de alí.
(← Unha fermosa egua cabalga preto de alí).
- e. Uns rapaces entretéñense voando elegantemente os seus papaventos polo aire.
(← Os papaventos voan elegantemente polo aire).
- f. Outros cativos xogan bailando as súas buxainas no chan.
(← As buxainas bailan no chan).
- g. No campo, o preparador físico adestra os xogadores do equipo de rugby.
(← Os xogadores do equipo de rugby adestran no campo).
- h. O presidente do clube demitiu / cesou o adestrador a semana pasada.
(← O adestrador demitiu / cesou a semana pasada).

Repárese sen embargo en que, á marxe da limitada rendibilidade do seu uso, estamos perante estruturas xurdidas dunha regra productiva, non ante predicados básicos que se

7 Por exemplo, Martínez Vázquez (1996: 38-39; 1998: 140). A autora, sen embargo, na súa intención de ilustrar isto, aduce exemplos que non se corresponden de feito a esta construción: *Los muertos resucitaron* (cf. *Resucitaron a los muertos*) e tamén *María ascendió* (cf. *Ascendieron a María*) son en realidade ocorrencias de diátese anticausativa (tipo (9) supra, véxase secc. 4 infra).

deban recoñecer lexicamente: calquera falante poderá interpretar sen problema outros predicados derivados pola mesma regra, aínda que nunca antes os oíra nin os coñecera lexicamente, por insólitos que tales usos lle parezan. Por ex.:

- (13) a. O profesor entrou tódolos rapaces na aula.
 b. O profesor arrastrou os rapaces pola area no patio ('fixo que se arrastrasen').

Asemade certas entradas do lexicón son en realidade lexicalizacións de predicados derivados do tipo que nos ocupa (por ex.: *voar* 'facer ir polos aires mediante explosivos'; *correr* 'expulsar violentamente dun lugar'), o que en definitiva aboa a produtividade da derivación transitivadora, aínda que o resultado deveña finalmente nestes casos en novo predicado básico⁸.

Trazo esencial na caracterización desta construción transitivada é, como xa se apuntou, o seu carácter axentivo. O Axente do predicado básico (x_1) é degradado e substituído no seu rol por un novo Axente (x_0) instigador da acción derivada resultante. A promoción de x_0 á posición sintáctica privilexiada de primeiro actante (o *pivote* de Foley e Van Valin (1984), a *relación sintáctica non marcada R⁰* de Moreno Cabrera (1997)) implica obviamente unha merma das propiedades de axentividade de x_1 , pois é o primeiro actante (agora x_0) o encargado de expresa-lo Axente da acción, se é que hai tal⁹. O participante degradado adquire un sentido máis pasivo, como unha entidade afectada pola acción do instigador (fronte á súa non afección primitiva, cando el asumía ese rol instigador).

Sen embargo, tal perda de propiedades de axentividade non pode ser total para mantérmonos nos límites desta construción derivada da regra de formación (11). Obsérvase en primeiro lugar que, aínda deixando de ser Axente, x_1 mantén as restriccións de selección que tiña na predicación básica cando si o era. Quere dicirse que é necesariamente un actante animado (cfr.: as tropas, o can, uns lenos, dúas lebres, uns xogadores, o adestrador) ou un ente inanimado concibido metaforicamente como animado (unha buxaina que baila como as persoas, un papaventos ou un avión que voan como as aves, etc.). Trátase por tanto de entidades

8 Estas lexicalizacións son os usos máis uniformemente recollidos nos dicionarios, loxicamente, pois son predicados básicos. Os usos derivados máis consolidados (*pasear*, *adestrar*, *cesar*...) tamén tenden a ser reflectidos, pero de xeito vacilante, mentres que os menos frecuentes adoitan ser excluídos, se cadra por xulgalos non consolidados. En calquera caso, coherencia á parte, a exclusión destas ocorrencias transitivas é congruente co seu carácter de produtos derivados dunha regra productiva, e non de pezas léxicas básicas.

9 Algúns autores como Halliday (e bastantes outros no seu roncel) reteñen para x_1 na construción derivada a función semántica Axente (*actor*, en Halliday, que analiza estas estruturas transitivadas consonte o esquema *iniciador-actor* (1967: 42)). Pero esta análise non agacha a evidencia desa merma de axentividade, derivada da introducción dun argumento instigador sintacticamente privilexiado, cando o Axente habitualmente asume de seu o rol instigador (e ocupa a posición privilexiada). Por iso Halliday ten que completa-la súa caracterización recoñecendo tres posibles escenarios de axentividade: *actor/iniciador* (caso prototípico), *iniciador/non-actor* e *actor/non-iniciador* (x_0 e x_1 , respectivamente, na construción transitiva derivada). En definitiva, x_1 é visto tamén como axente do predicado derivado, pero axente só en certa medida.

sempre potencialmete axentivas. Ademais, sen a súa activa participación a acción (a marcha dos soldados, o paseo do can, etc.) nunca se podería verificar. Daquela, aínda que xa non desempeñan a función semántica Axente, reteñen un alto grao de axentividade.

A axentividade da Meta x_1 na construción transitivada é un trazo esencial na derivación que nos ocupa, tirada mediante a regra (11). En efecto, se o grao de axentividade do devandito argumento é moi baixo, a construción transitivada tenderá a confundirse coas transitivas básicas das que derivan as medias anticausativas (v. secc. 4, infra). Pasariamos así dunha alternancia de tipo (8) a outra do tipo (9). Compárese:

- (14) a. Luís_{AX} cambiou_{Acc} a Carlos_{Met} de oficina.
 b. Carlos_{AX} cambiou_{Acc} de oficina.
- (15) a. Luís_{AX} cambiou_{Acc} o armario_{Met} de sitio.
 b. O armario_{Exp} cambiou_{Proc} de sitio.

Cando a Meta ten carácter axentivo (como en 14a) estamos ante unha construción derivada (de 14b) formada pola regra (11) coa inclusión dun x_0 Axente (alternancia tipo (8), que estamos agora a tratar). Sen embargo, o carácter non axentivo desa Meta lévanos a interpreta-la construción transitiva (15a) como básica, e o seu correlato intransitivo como unha construción derivada, media anticausativa ou de proceso (vs. a intransitiva (14b), básica e de acción). É dicir, interpretamos unha alternancia do tipo ilustrado por (9), da que nos imos ocupar de contado na seguinte sección.

4. CONSTRUCCIÓN MEDIA ANTICAUSATIVA

4.1. A construción ilustrada por (9b) *A póla rachou* constitúe un tipo de construción media que denominabamos anticausativa ou media de proceso, derivada, mediante redución de valencia, dun correlato transitivo como por exemplo (9a) *O neno rachou a póla*. A relación existente entre ámbolos correlatos é do tipo causa-resultado, e é moi frecuente nas linguas. Da análise da formulación transitiva-causativa como básica procede a denominación da derivada intransitiva como *anticausativa* (ou tamén *decausativa*), que adoptamos, etiqueta procedente da gramática eslava pero bastante espallada xa en lingüística xeral e tipolóxica. Numerosos outros termos teñen sido empregados para denominar esta construción intrasitivada¹⁰. Podemos formula-la seguinte regra de formación para estas construcións anticausativas:

10 Vid. Martínez Vázquez (1998: 118, n. 1) ou Vázquez *et al.* (2000: 110-111) para unha sucinta relación. A máis espallada destas denominacións alternativas é a de *construción ergativa*, xa aludida como inapropiada.

(16) Intransitivación anticausativa

input: [pred_V (x₁)_{AX} (x₂)_{Met}] Acciónoutput: [pred-R_V (x₂)_{Exp}] Procesosigdo.: 'x₂ experimenta o cambio inherente a pred por causa de x₁'

A marca -R adosada á forma léxica do predicado resultante identifica a este como derivado por redución de valencia. Trátase dun marcador abstracto que se actualiza en galego coa forma 'reflexiva' *se* ou con marca cero, segundo o predicado de que se trate. En efecto, a forma do predicado derivado oscila na expresión lingüística entre a marca cero (ex.: *rachar, ferver, mellorar*), o incremento pronominal (ex.: *asustarse, mollarse, oxidarse*) e alternancia, equilibrada ou non, entre ambas (ex.: *abanear(se), abrir(se), torcer(se)*).

Entre a entrada e a saída da regra (16) dáse un paso intermedio, a pura supresión do primeiro argumento (isto é: pred_V (--)- (x₂)_{Met}) que está na base do ulterior proceso que conduce ó output final: avance de x₂ á posición privilexiada deixada baleira polo Axente suprimido, e o subseguinte cambio de función semántica do argumento promovido, que adopta a correspondente ós argumentos afectados cando estes ocupan a posición privilexiada (isto é, Experimentador)¹¹.

A anticausativa caracterízase por presenta-lo evento dunha maneira non axentiva, como un proceso concibido como autoorixinado ou espontáneo, sen que resulte posible a reintrodución do Axente. Unicamente é posible recuperalo degradado como satélite coa función de Instrumento ou Causa:

- (17) a. *A póla rachou polo neno_{AX} (cfr. A póla rachou por culpa do neno_{Cau})
 b. *A ventá pechouse por Luís_{AX} (cfr. A ventá pechouse co vento_{Inst})

Así pois, esta construción derivada (igual que ocorría coa tipo (8) e veremos que ocorre tamén coa tipo (10)) fórmase só a partir de predicacións de acción, pero a derivación implica neste caso (fronte a (8) e analogamente a (10)) modificación de tal estado de cousas básico: a derivación anticausativa transforma a acción en proceso (e a derivación tipo (10) a acción en estado, como veremos).

4.2. Unha cuestión que leva suscitada moita controversia nesta construción ambitransitiva ilustrada pola parella (9) é a determinación de cál é a estrutura básica. Algúns autores sosteñen o carácter básico da intransitiva, xulgando a transitiva daquela como derivada por un

11 Algúns autores (nas liñas de Fillmore, Chafe ou na gramática xenerativa, por ex.) reteñen para o único argumento da construción intransitiva a mesma función cá que tiña como segundo argumento da transitiva (calquera que sexa o termo empregado: obxectivo, paciente, etc.). No modelo de GF de Dik argumentábase en contra desta opción (Dik 1989: 122-3), aínda que dentro do propio marco teórico Siewierska (1991: 70) contraargumenta e defende a identidade de función (como Meta) en ámbolos casos.

novo mecanismo de incremento de valencia (distinto desde logo ó visto para (8)). Outros consideran básica a construción transitiva, na mesma liña que acabamos de expor¹². Se actuamos guiados pola produtividade de cada unha das parellas en cada verbo (o que por outra banda pouco ten que ver co seu carácter básico ou derivado), obtemos informacións enormemente dispersas, que nos levarían a considerar nuns verbos como básica a transitiva e noutros a intransitiva, dun xeito atomista, antieconómico e sobre todo inútil. Unha cuarta vía (frecuentemente derivada da anterior) consiste en vulgar ámbalas estruturas como básicas, sen que medie por tanto entre elas ningún proceso de derivación. Esa é a postura recentemente adoptada por Martínez Vázquez: “hay que postular la existencia de dos verbos homónimos que poseen dos valencias distintas, no derivadas” (1998: 129). E esa é tamén a interpretación estándar dentro do modelo de GF de Dik. Voume referir a ela criticamente cuns argumentos que espero servirán para xustificar a hipótese da derivación intransitivadora, que suscribo, tamén fronte a transitivadora.

Paréceme que dentro dos principios rectores da GF se debe considera-la chamada media anticausativa como unha construción derivada da transitiva mediante a regra (16)¹³. Noutras palabras, considero que *rachar*₁ (v.t.) e *rachar*₂ (v.i.) non son dous predicados no lexicón, con cadanseu marco predicativo básico, senón que a segunda é unha forma derivada da primeira. A eventual presenza da marca pronominal como formante léxico do predicado monovalente e o carácter recorrente e productivo da correlación ambitransitiva son basicamente os elementos que me levan a vulgar esta hipótese máis adecuada.

No modelo teórico revisado de Dik considérase que a forma dos predicados derivados leva incorporado un elemento abstracto como marca do seu carácter derivado dunha regra de formación en concreto, que esa marca identifica: “I assume that all predicate formation rules introduce such abstract elements, which will then be mapped onto concrete formal material by expression rules” (1997: 6). Mediante a compoñente das regras de expresión esa marca abstracta pode actualizarse como marca con matriz fónica (afixo ou partícula) ou sen ela (marca cero). En calquera caso, os predicados básicos carecerían obviamente desas marcas, de xeito que a eventual presenza de elementos gramaticais adosados ós predicados na expresión lingüística final deberá ser vista (na hipótese de seren predicados básicos) como marca ou pegada dalgunha outra operación sintáctica efectuada sobre eles. Sen embargo, non parece ser ese o caso destas formas con *se*, incremento ‘reflexivo’ que, cómpre salientalo, é ben coñecido como típico marcador de redución de valencia nunha grande cantidade de linguas distintas (como o propio Dik (1997: 12) lembra a propósito da derivación intransitivadora que aquí denominamos estativa, tipo (10)). De seren así as cousas, non se xustificaría a

12 Vid. Martínez Vázquez (1996: 35-36; 1998: 119) para referencias de ámbalas hipóteses.

13 No seo da literatura da GF, Siewierska (1991: 28 e 70-71), ten proposto xa unha análise nesta liña, interpretando o correlato monoactancial como derivado. Por contra, Kahrel (1985: 30-31) sostén que os verbos que el denomina de Proceso (*romper, derreter, fundir*) son primariamente intransitivos e adquiren o seu uso transitivo mediante unha regra de derivación causativa.

recorrente presenza do clítico nos pares intransitivos da correlación ambitransitiva que estamos a considerar (*asustar-asustarse, mollar-mollarse, torcer-torcerse*) se os analizamos como predicados básicos. Como derivados, por contra, o clítico sería a esperada (e esperable) marca -R da derivación efectuada. Sobre este tema volveremos máis adiante, cunha perspectiva máis ampla, na secc. 6, onde se atopará unha exposición máis demorada de argumentos.

Ademais do exposto no parágrafo precedente, o carácter enormemente recorrente –e translingüístico– da alternancia que estamos a considerar (por certo, ben máis rendible cuantitativamente cás outras dúas, tipos (8) e (10), que Dik si considera produto de derivación), lévanos de novo á hipótese de que estea vinculada a unha regra de formación de predicados. Coido que esta construción cumpre cos requisitos para ser analizada dese xeito, pois calquera falante que coñeza o predicado básico (no input) e a regra postulada (16) é capaz de interpretar e mesmo de usar correctamente o predicado resultante (no output) aínda que non o coñecera como tal previamente. Entre os predicados transitivos e intransitivos deste grupo existe unha relación sistemática tanto na súa forma como no seu significado, que pode e debe por tanto ser recollida en forma de regra. O tratamento de uns e outros como predicados básicos implica supoñer que esa relación non é sistemática, senón unha reiterada coincidencia, e que o falante non é capaz de interpretar correctamente os procesos como derivados das accións que os causan se non é coñecendo individualmente tódolos ítems lexicais implicados. Isto paréceme inexacto, polo que considero que a hipótese da formación de predicados é máis adecuada e amosa unha maior simplicidade explicativa.

4.3. Vinculada á produtividade inherente a toda regra de formación de predicados está a cuestión do seu rendemento –aínda que son cousas distintas, desde logo. Xa se aludiu ó acou-tamento que limita esta regra de formación, como as outras dúas que aquí estudiamos, ós predicados de acción. Pero non todos eles admiten a derivación (16). Vexamos algunhas restriccións adicionais.

Tense sinalado (de xeito moi conciso, por certo) a necesidade de que os predicados posúan o trazo [+ causativo] para que a media decausativa resulte aceptable (Demonte 1991: 50; Fagan 1992: 139). En efecto, non tódalas accións teñen carácter causativo: toda acción provoca un cambio de estado de cousas (de aí o dinamismo que as caracteriza), pero só algunhas accións son causa desencadeante dun proceso que o segundo argumento experimenta no seu seo e que dá lugar ó novo estado de cousas. Son as accións causativas, como *romper, mollar, queimar, secar, conxelar*, etc. (Repárese: *romper un prato* leva a un novo estado do prato (*o prato está roto*) mediante un proceso que el experimenta: ‘*romper* x_2 ’ = ‘causar que x_2 pase de *enteiro* a *roto*’). As accións non causativas, por contra, provocan no segundo actante un novo estado de cousas sen que se poida concibir ou individualizar neste un proceso autónomo: a mera realización destas accións (como son *ler, roubar, avisar, conducir, axudar*, etc.) dá lugar ó novo estado, sen que se poida ver no intre o desenvolvemento dun proceso autónomo en x_2 . (Repárese: *ler un libro* leva a unha nova situación con relación

ó libro (*o libro está lido*) pero sen que medie un proceso que se desenvolva internamente no libro). Isto é:

- (18) a. Acc. [+ causat.] → Proceso P (x_2)_{Exp.} → Estado E (x_2)_∅
 b. Acc. [- causat.] → _____ → Estado E (x_2)_∅

O resultado dunha acción transitiva non causativa sobre o seu obxecto semántico é directamente o estado modificado por ela, e resulta imposible a alternancia causativa: as medias de proceso ou anticausativas son agramaticais (cfr. 19). Por contra o resultado dunha causativa sobre ese segundo actante pode ser representado lingüisticamente ora como un estado resultante, ora como un proceso experimentado por el, correlato medio da alternancia causativa (cfr. 20)¹⁴:

- (19) a. *O libro leu(se) (el só). (← X. leu o libro)
 b. *As carteiras roubában(se) (elas soas). (← X. roubaba carteiras)
 c. *A policía avisára(se) (ela soa). (← X. avisara á policía)
 d. *O coche conduciu(se) (el só). (← X. conduciu o coche)
- (20) a. A póla rompeu (ela soa) (← X. rompeu a póla)
 b. A mesa mollárase (ela soa) no xardín. (← X. mollara a mesa no xardín)
 c. A carne queimouse na barbacoa (ela soa). (← X. queimou a carne)
 d. O regato secaba (el só) tódolos veráns. (← X. secaba o regato)

Pero non tódolos predicados de acción causativa dan lugar a usos intransitivos anticausativos, a pesar de que conceptualmente si se individualiza un proceso que se verifica internamente no segundo actante. En ocasións é así porque tal proceso se expresa a través dun predicado distinto (ex.: *tirar* → *caer*, *queimar* → *arder*, *matar* → *morrer*), nunha ocorrencia de especialización léxica que ás veces exclúe a alternancia ambitransitiva (x_2 *caeu* vs. * x_2 *tirouse*), e ás veces convive con ela máis ou menos harmonicamente (*Queimouse* ≈ *ardeu o monte*; *Matouse* ≈ *morreu nun accidente*). Noutros casos, por contra, non existe expresión léxica ningunha para o proceso causado, polo que a construción transitiva carece de correlato intransitivo decausativo. Obsérvese:

- (21) a. O psicópata asasinou a súa vítima. Cfr. *matar* → *matarse*
 b. *A vítima asasinou(se) (ela soa). (ex. O rapaz *matouse* coa moto)
- (22) a. A rapaza mastica a carne. Cfr. *esmigallar* → *esmigallarse*
 b. *A carne mástica(se) (ela soa). (ex.: O pan *esmigállase* ó cortalo)

14 O complemento *el só* inclúese nos exemplos como discriminador para que non se interpreten como construcións con *se* impersonal, eventualmente posibles.

- | | | |
|------|--|---|
| (23) | a. O carpinteiro serrou a táboa.
b. *A táboa serrou(se) (ela soa). | Cfr. romper → romper
(ex.: A táboa rompeu ela soa) |
| (24) | a. O matachín acoitelou o porco.
b. *O porco acoitelou(se) (el só). | Cfr. pinchar → pinchar
(ex.: A roda pinchou) |

Verbos como *asasinar*, *masticar*, *serrar*, *acoitelar*, etc. expresan claramente accións causativas, que desencadean no seo do argumento afectado un proceso cognitivamente recoñecible como tal (a vítima experimenta o proceso de pasar de viva a morta, a carne de enteira a esmiazada, a táboa de enteira a partida, etc.). O trazo causativo está tan claro como nas accións coas que se comparan na columna da dereita, de significado moi próximo. Sen embargo, mentres estas últimas si admiten anticausativa (conforme o esperado) as primeiras rexéitana.

A explicación deste fenómeno parece explicarse polo feito de que este grupo de verbos, pola súa propia especificación semántica, esixe necesariamente a presenza na primeira posición do predicado básico dun Axente intencional ou volitivo, fronte ó que ocorre coa maioría dos predicados de acción, que admiten igualmente Axentes non intencionais (Axentes-Causa): forzas, instrumentos, circunstancias (Mendikoetxea 1999a: 1591-1592). Por exemplo:

- (26)
- a. O neno rachou a póla golpeándoa cun machado.
 - b. O machado / unha escavadora rachou a póla.
 - c. O forte vento rachou a póla.
 - d. O excesivo peso do neno rachou a póla.

Serrar, designando un tipo de acción causativa análoga, implica sen embargo a acción de romper usando unha serra, o que comporta necesariamente a participación dun Axente intencional. Nos outros exemplos propostos danse análogas especificacións relativas á maneira como se realiza a acción, implícitas na natureza semántica do verbo: *asasinar* é matar de forma premeditada e aleivosa; *masticar* é esmiazar cos dentes facendo move-la mandíbula; *acoitelar* é pinchar usando un coitelo... Isto fai que sexa necesario supor un Axente intencional ineludible, e que daquela resulte imposible representa-lo proceso causado pola acción como un evento autónomo, susceptible de ser presentado de maneira non axentiva. Por iso no se poden intransitar en forma de medias anticausativas.

En resumo, a formación de predicados derivados anticausativos actúa unicamente sobre predicados de acción que posúan o trazo [+ causativo], nos que é identificable un proceso autónomo desencadeado no seo do argumento afectado. Con todo, non tódolos verbos de acción causativa amosan alternancia ambitransitiva. Nuns casos, porque se produce unha especialización léxica que leva a designar accións e procesos conexas con verbos distintos. Noutros, porque o proceso sinxelamente carece de toda representación lingüística, pois o

verbo implica ineludiblemente un Axente intencional; o proceso causado non pode así presentarse de maneira non axentiva e, por tanto, tampouco pode ser construído como media anticausativa.

5. CONSTRUCCIÓN MEDIA ASERTIVA

5.1. Un segundo tipo de construción media, que demos en chamar asertiva, é o exemplificado por (10b) *A camisa lava ben*¹⁵. Trátase, como a anterior, dunha construción derivada por redución de valencia do correspondente predicado básico transitivo (ilustrado por (10a) *Luís lava a súa camisa*). A regra de formación que as produce formúlase do seguinte xeito:

- (27) Intransitivación asertiva (ou estativa)
input: [predV (x1)_{Ax} (x2)_{Met}] Acción
output: [pred-RV (x2)_Ø (x3)_{Man}] Estado
sigdo.: 'pred da maneira x₃ é unha propiedade característica de x₂'

A marca abstracta -R indicadora do carácter derivado, por redución de valencia, do predicado actualízase en galego como cero nesta construción, nunca como *se*, a diferenza do que acontecía coa anticausativa (como argumentaremos máis abaixo). Parellamente ó que acontecía coa outra regra de intransitivación (16), entre a entrada e a saída media un proceso de supresión do primeiro argumento, co subsecuente avance de x₂ á posición privilexiada desocupada. A principal diferenza radica na función semántica que recibe o argumento promovido, que neste caso é Cero, pois o predicado resultante se interpreta como un estado, designador dunha propiedade característica de x₂.

Alén diso, prodúcese o avance dun satélite Maneira á condición de argumento, seleccionado polo predicado derivado, avance que debe estar vencellado con certeza ó proceso de redución actancial, como se verifica noutros casos análogos¹⁶. Considérense os seguintes exemplos:

- (28) a. Esta camisa lava moi ben.
b. O coche conduce suave.
c. As mandarinas pelan mellor cás laranxas.
d. O seiscentos vendeu moito.

15 Con certa frecuencia resérvase para esta estrutura a denominación de construción media, fronte á anterior, referida como ergativa (terminoloxía espallada sobre todo no roncel de Keyser e Roeper (1984)).

16 En Cidrás (1996) estúdanse ocorrencias de avance de satélite a argumento en galego, vinculadas a formación de predicados por incorporación, outro tipo ben coñecido de derivación con redución de valencia.

Tódalas oracións resultarían estrañas e pouco aceptables sen o adxunto modal. A necesidade deste complemento é consubstancial á propia construción media asertiva, pois a súa función é precisamente a de representa-la maneira como unha determinada actividade se realiza habitualmente con relación a un obxecto (x_2) que dese xeito se caracteriza. Así, o estrañamento que produce unha aserción do tipo *?O coche conduce* deriva da irrelevancia informativa, por obvia, da simple constatación de que un coche ten a propiedade de poder ser conducido. Para caracterizar un coche con relación á súa condución temos que establecer cómo é ela: boa ou mala, brusca ou suave, etc. Así as cousas, a presenza do modificador modal só se excusa, na expresión lingüística final, en dúas circunstancias:

a) Cando se sobreentende, nunha sorte de marca cero, da que se colixe unha interpretación positiva ('moito, ben, facilmente') ou negativa ('pouco, mal, dificilmente') do argumento modal ausente, segundo a polaridade afirmativa ou negativa do enunciado:

- (29) a. Ten coidado co regalo, que rompe. (= 'é doado de romper')
 b. Esta peza de plástico non pega. (= 'é difícil de pegar')

b) Cando o obxecto x_2 é caracterizado con relación a unha acción que é intrinsecamente relevante, non obvia e, por tanto, comunicativa de seu. É o caso de

- (30) Esta saia abrocha.

ocorrncia na que a cualidade atribuída á prenda é a do seu propio sistema de suxeición, fronte a outros posibles: a saia axústase con broches, non con cremalleira, fibela, botóns, etc. (Fagan 1988: 201). Como é doado de inferir, neste suposto a presentación sen modificador comporta implícita ou explicitamente un carácter contrastivo.

Do dito despréndese o carácter estruturalmente obrigatorio da complementación modal, que non pode ser vista como unha información facultativa e adicional acerca do estado referido no enunciado, senón como un argumento necesario para definir ese estado de cousas. Isto con independencia de que se poida eventualmente prescindir da súa expresión na representación lingüística final nas circunstancias que se acaban de referir, nas que segue operando implicitamente como argumento inherente.

A carón desta necesidade de expresar un argumento Maneira, outra propiedade sintáctica desta media asertiva vinculada ó cambio de estado de cousas (de acción a estado) que comporta é o carácter fortemente temático do argumento x_2 promovido á posición de suxeito; moito máis temático, abofé, que os suxeitos habituais en galego. Xustifícase por tratarse dunha estrutura de atribución de propiedades a unha entidade x_2 da que se está a falar coa intención de caracterizala, de onde se deriva a alta topicalidade desa entidade, común coas atributivas adscritivas. Repárese (+ significa marcado):

- (31) a. *Abrocha, esa saia. Cfr. *É de algodón, esa saia.
 b. *Lava ben, esa camisa Cfr. *É boa de lavar, esa camisa.
 c. *Vendeu moito, o seiscentos Cfr. *Foi un éxito de ventas, o seiscentos.

En realidade, nin sequera nestas ocorrencias se pode dicir que o suxeito está posposto nin perde o seu carácter temático, pois o que temos é un constituínte externo á oración, como coda aclaratoria dun suxeito temático elidido e finalmente recuperado *ad cautelam* en apéndice. Se se integra x_2 na predicación sen movelo (*Abrocha esa saia*), esta tende a interpretarse fortemente como unha acción que se realiza sobre unha Meta (é dicir, a interpretación transitiva básica, non a intransitiva derivada, de estado). Con todo, eventualmente pode x_2 aparecer dislocado á posición final intraoracional, como cando é presentado como foco contrastivo. Ex.:

- (32) (O dous cabalos)_{Tema} vendeu (moito)_{Foco}. Pero vendeu máis (o seiscentos)_{Foco contrast.}

5.2. A produtividade desta construción media asertiva parece estenderse potencialmente a tódolos predicados básicos de acción, sen que se evidencien maiores restriccións léxicas, como si analizabamos nas medias anticausativas (v. supra 4.3). Sen embargo, o rendemento actual da construción que nos ocupa agora é, de lonxe, moi inferior ó das anticausativas. O que opera sobre a regra de formación (27), cinguíndoa, non son restriccións léxicas nin sintácticas, senón pragmáticas. E, asemade, a competencia doutra construción próxima, moito máis privilexiada polo uso ó ofrecer un meirande rendemento comunicativo. Vexámolo.

Dado o carácter destas construcións medias asertivas como encarecedoras de determinadas propiedades atribuídas a entes que son o obxecto semántico da correspondente predicación básica de acción, tódolos predicados básicos transitivos de acción xeran potencialmente este tipo de estruturas. Sen embargo, o seu uso real é moito máis limitado e o seu grao de aceptabilidade depende de fortes restriccións pragmáticas, derivadas do insólito ou mesmo inadmisibile que poida chegar a ser en cada caso caracterizar tales obxectos con relación ó modo como se realiza esa acción que se proxecta sobre eles. Dependendo deses condicionamentos pragmáticos, os enunciados móvense nun continuo entre o perfectamente normal e o inaudito e chocante, mesmo inaceptable.

A restricción pragmática para obter construcións plenamente asimiladas, como as de (28-30), pódese caracterizar en breve do seguinte xeito: debe tratarse por unha banda de accións aspectualmente xenéricas, de valor universal, tal que as poida realizar calquera da maneira que se expresa; e por outra de entidades susceptibles de seren caracterizadas polo modo como xenericamente se realiza sobre elas esa acción. Resulta normal, por exemplo, caracterizar unha prenda de roupa polo lavado que ofrece (\rightarrow 28a), ou polo sistema que ten de suxeición (\rightarrow 30), ou un coche pola conducción que amosa (\rightarrow 28b), ou un produto comercial pola súa venda (\rightarrow 28d). Aínda que menos frecuente, tampouco resulta estraño caracteri-

zar, poñamos, unha parede pola maneira como admite a pintura (por ex.: *Esta parede non pinta nada ben*, ‘é mala de pintar’). Sen embargo, no outro extremo parece claro o insólito que resulta caracterizar esa mesma parede pola maneira como admite os golpes (!), mesmamente porque pode ser golpeada de calquera maneira sen que ningunha delas poida ser considerada doadamente como característica; e o mesmo un chalé pola maneira como se constrúe, ou un brazo polo xeito como se rabuña. De aí:

- (33) a. ??As paredes golpean forte.
 b. ??O chalé constrúe rápido.
 c. ??O brazo rabuña fácil.

Máis alá da súa ínfima viabilidade pragmática, a inaceptabilidade destas ocorrencias non semella derivarse dunha restricción de sistema, e por tanto non se traduce propiamente en agramaticalidade. A estrutura está disponible e non hai nada no aparello gramatical do galego que impida formacións como as vistas. As dificultades teñen que ver coa súa factibilidade da esfera do real e, na medida en que esta se dá, as predicacións resultan perfectamente construíbles.

Sen embargo, estas constriccións parecen non ser só pragmáticas cando menos no caso de que o argumento x_2 posúa un alto grao de animacidade (e por tanto de axentividade potencial). Neste caso, á dificultade pragmática de caracterizar unha entidade dun xeito que implica sempre certo grao de obxectualización sobreponse unha restricción máis imperativa: na construción resultante o argumento en cuestión será interpretado por defecto como Axente, e non como Cero (a menos que quede contextualmente clara a vontade de tratalo como un obxecto e non como un ente animado, de xeito que resulte imposible a súa interpretación axentiva). Compárese:

- (34) a. *Os rapaces enganan con facilidade. (← Calquera engana os rapaces)
 b. Os polos da casa cocen máis lentos cós de granxa.

Parellamente ás constriccións vistas, hai outro factor enormemente determinante do limitado rendemento destas medias asertivas: a concorrencia das construcións pronominais impersoais, moi próximas tanto na súa forma (clítico *se* á parte) como no seu significado e valor comunicativo. A competencia resulta ben desvantaxosa para as medias, ó permitiren aquelas expresar practicamente os mesmos contidos sen ningunha das restriccións que estas presentan. Compárese:

- (35) a. Esta camisa lávase ben. (cfr. 28a)
 b. O coche condúcese con suavidade. (cfr. 28b)
 c. As mandarinas pélanse mellor cás laranxas. (cfr. 28c)
 d. O seiscientos vendeuse moito. (cfr. 28d)

- | | |
|-------------------------------------|------------|
| e. Esta saia abróchase. | (cfr. 30) |
| f. As paredes golpéanse forte. | (cfr. 33a) |
| g. O chalé constrúese rápido. | (cfr. 33b) |
| h. O brazo rabúñase con facilidade. | (cfr. 33c) |

Conclúese, pois, que a construción pronominal impersonal posúe un maior rendemento funcional, e daquela un meirande uso, pois o ámbito comunicativo que cobre a media non é máis que un subconxunto do da impersonal, que non se limita en absoluto á expresión dunha aserción xenérica.

5.3. Consonte o que se acaba de expor, considero que as construcións media asertiva e de *se* impersonal son dúas estruturas sintácticas distintas, e que o verbo medio presenta en galego, como en inglés, marca cero, non incremento do clítico orixinariamente reflexivo. Este punto de vista, sen embargo, difire do tratamento maioritario destas construcións medias nas linguas románicas, case sempre da man de autores de orientación xenerativa (os que maioritariamente se teñen ocupado deste tema, por outra parte). Para eles, a construción media (asertiva) vai nas linguas romances asociada á presenza do clítico 'reflexivo' no verbo¹⁷. Suscítanse así de entrada dous problemas: 1) o da delimitación entre a media de tal xeito concibida e a construción pronominal impersonal (incluíndo aquí a chamada pasiva reflexa) e 2) o do tratamento, neste contexto, das ocorrencias sen clítico coas que ata aquí viñemos ilustrando a construción, que quedan así, cando menos a primeira vista, fóra de xogo.

Persoalmente sempre me chocou esta uniformidade de criterio nunha toma de postura que, no mellor dos casos, paréceme cuestionable e que sen embargo se dá por obvia, sen entrar sequera na súa xustificación. Coido que a revisión historiográfica desta posición resultará esclarecedora neste senso.

5.3.1. Aínda que o estudo e descrición das construcións ambitransitivas ou medias en xeral vén no ámbito anglosaxón xa de vello, o interese suscitado por elas nos últimos anos (nomeadamente na órbita xenerativa) ten unha referencia inexcusable nun influentísimo artigo de Keyser e Roeper (1984) sobre as construcións medias e ergativas (as nosas medias asertivas e anticausativas, respectivamente). O estudo céntrase no inglés, pero nel atópase xa, explícita aínda que marxinalmente, a idea de que nas linguas romances as medias se constrúen con *se*. Pártese da tradución de oracións medias inglesas nas que é imposible a media asertiva tal como nós a caracterizamos (*v. supra*), co que a súa correspondencia vén se-la construción pronominal. Concretamente exemplos como:

17 Unha excepción neste punto é Martínez Vázquez (1996) quen analiza como medias en español as construcións sen *se*, de xeito parello ó noso tratamento. Con todo, non enuncia expresamente este principio, senón que se infire indirectamente e, sobre todo, a través dos seus exemplos.

- (36) a. Bureaucrats bribe easily.
 b. Os burócratas subórnanse facilmente. (cfr. *subornan facilmente)

Dado que tódalas medias inglesas son traducibles nas linguas romances por construcións pronominais, conclúese por elevación que esa é a estrutura media romance, ignorando a non pronominalizada do tipo *A camisa lava ben*. A proposta, aínda que formulada un tanto nas marxés, vírase fulcral, pois o paralelo romance (a través do italiano, concretamente) é traído á palestra polos dous autores norteamericanos para explicar un punto escuro da teoría: postúlase que a construción media ten un “axente implícito” (como a pasiva) pero non admite estrañamente a súa explicitación: **Bureaucrats bribe easily by managers*. A explicación a este punto viría dada nas linguas romances pola presenza do clítico ‘reflexivo’, que impediría a introducción dun complemento axente con *por*. Conclúen os autores asumindo que, realmente, en inglés a media tamén ten un clítico *se* abstracto, que absorbe a función de axente pero que, por algún motivo, resulta inviable na expresión lingüística final (Keyser e Roeper 1984: 406). A hipótese, suxerida por Rizzi, recibe o aboamento de autoridade de Chomsky, a quen os autores presentan explicitamente como valedor intelectual da mesma.

Velaí como unha observación marxinal no conxunto do artigo se converte nun postulado estrutural (“All the facts follow from this assumption”, *ibid.*) e asemade na teoría ortodoxa do modelo. A media (asertiva) está intrinsecamente marcada cun clítico *se*, e o que hai que explicar é precisamente a súa ausencia final en inglés (e tamén en galego, portugués, español, etc., en exemplos como os de (28-30)), e algunha que outra cuestión conexas (como a presenza dun *se* abstracto nunha lingua que, como o inglés, carece de clíticos, aludida pero escasamente xustificada no artigo).

O problema da axentividade destas medias, que está na orixe da hipótese do clítico abstracto, debe ser visto na miña opinión cunha perspectiva lixeiramente distinta. É un lugar común considerar que estas construcións derivadas reteñen un “axente implícito”, pero non do tipo do das construcións pasivas impersoais. Iso pode resultar obvio, pero a diferenza radica precisamente en que unhas e outras construcións refiren estados de cousas distintos: as construcións pasivas e impersoais (de ‘*ser* + participio’ e de *se*) son accións, cunha presentación axentiva eventualmente non explicitada; as construcións medias, por contra, son estados (Fagan 1988: 183; 1992: 194; Cidrás 1990: 163; González Romero 1996: 126-127, Vázquez *et al.* 2000: 138) que levan asociada unha interpretación axentiva xenérica, parafraseable como *people in general* (Fagan 1992: 160):

- (37) This book reads easily — People in general can read this book easily.

Pero o Axente xenérico éo en realidade do correlato básico do que a media deriva, que é necesariamente unha acción, como o é tamén a parafrase. A media, por contra, é unha predicación estativa, e como tal carece de argumento Axente. É precisamente porque o marco pre-

dicativo (derivado) de todo predicado medio asertivo carece de Axente (suprimido na regra de derivación) é polo que resulta agramatical reintroducir este constituínte na expresión lingüística, sen que sexa necesario postular un clítico abstracto para explica-la imposibilidade de explicitar un (en realidade inexistente) Axente implícito.

En calquera caso, non é esta a interpretación dos feitos que prevalece, de onde se deriva o dobre problema antes aludido: indúcese por unha banda a identifica-la media inglesa coa construción pronominal impersonal romance (que ten un uso moito máis amplo e unhas características bastante diferenciadas), coa opción de xerbrar nesta dúas construcións supostamente distintas (pasiva-impersoal e media); e lévase por outra banda a marxinar aquelas construcións sen clítico equifuncionais coas medias inglesas, cando non a ignoralas como se non existisen. Vexamos unha mostra no tratamento destes puntos na gramática hispánica.

5.3.2. González Romero (1996) fai un estudio contrastivo das construcións medias inglesas e españolas (xulgando nestas o *se* “absolutamente necesario”, consonte a postura –dígamos– ortodoxa) e chega á conclusión de que en ámbalas linguas “estas estruturas comparten todos sus rasgos” (p. 139), presenza do clítico á parte, como xa adiantaran Keyser e Roeper verbo do par inglés/italiano. O modo de operar da autora consiste en ir revisando os trazos formais descritos na literatura sobre as medias inglesas e constata-la súa presenza nas correspondentes españolas. O resultado é nidio, o que non marabilla, unha vez que se identifica un *se* medio distinto do impersonal (que engloba as tradicionais activas impersoais e pasivas reflexas). O que carece de nitidez é a delimitación entre estas dúas construcións xebradas¹⁸. Conclúese que “en español estas construcciones son mucho más sensibles [cás inglesas] a cualquier variación del esquema general que en algunas ocasiones conduce a una interpretación impersonal y en otras a una ambigüedad entre la lectura media y la impersonal” (p. 139). O inglés, por contra, é moito menos sensible a esa variación do esquema porque non está en risco tan obvio de se confundir con ningunha outra estrutura. En español (e galego) ese risco é constante porque non queda establecida a fronteira entre unha e outra construcións, ata o punto de que a media con *se* parece unha segregación *ad hoc* da construción (matriz) impersonal. Porque o que queda claro é unicamente que a media inglesa se pode traducir en español (e galego) cunha construción con *se* marca de indeterminación axencial.

18 Dísenos, por exemplo, que na construción media a función do *se* é marca-la presenza dun axente implícito, *igual que* na impersonal; ou que a media esixe unha modificación adverbial, como en inglés, *a diferencia* da impersonal, que non a esixe (aínda que por suposto a admite). Pero resulta obvio que dese xeito non se distingue formalmente a media da impersonal, de maneira que quede despexada a dúbida de que non sexa a primeira un subconxunto da segunda, no canto de dúas construcións distintas.

Recoñece a autora nos parágrafos finais do traballo a existencia en español de construcións medias (ou equivalentes a elas) sen *se*, cunha formulación un tanto paradóxica: “la partícula *se* en las construcciones medias españolas es un requisito obligatorio... Sin embargo, encontramos algunos casos en los que *se* no aparece o en los que su presencia es opcional” (p. 138). Non queda claro se daquela estas son ou non medias, porque co tratamento dado ás pronominais como medias, estoutras quedan incomodamente fóra de xogo. Isto a pesar de que posúen idénticas características formais e funcionais ás do inglés, incluíndo a ausencia de clítico, e de que non se confunden coas de *se* impersonal (formal e funcionalmente distintas, aínda que semanticamente próximas, que non iguais). Explica a autora a ‘anómala’ ausencia de *se* como mostra da posta de relevo das propiedades do argumento paciente (x_2) con meirande independencia da intervención dun axente externo que no caso de levar *se*, pois con este “los sujetos gramaticales parecen adquirir un grado mayor de participación en el proceso” (*ibid.*). Mais con isto o que se está a dicir é que as medias con *se* son ‘menos medias’ que as outras, porque a media úsase precisamente para caracterizar unha entidade polas propiedades xenéricas que esta posúe, con independencia da intervención particular de calquera Axente concreto.

5.3.3. Amaya Mendikoetxea, nun interesante estudo sobre as construcións con *se* en español (Mendikoetxea 1999b) volve sobre o tema das construcións medias, que novamente vincula, seguindo a camiño traxado por Keyser e Roeper, á necesaria presenza do clítico. Ignora totalmente as construcións (aparentemente) medias sen *se*, o que chama a atención, por máis que o tema do seu traballo sexan as construcións *con* clítico. De feito, o simple esquecemento ou ignorancia destas construcións medias sen *se* amósasenos, abofé que non por casualidade, como a solución máis socorrida na meirande parte da bibliografía hispánica sobre o tema, incluíndo a máis recente: así en Catalá, Martí e Vallhonrat (2002) ou tamén na obra de Vázquez, Fernández e Martí (2000), onde a omisión resuta máis rechamante ó producirse no marco dunha monografía en que se ensaia unha clasificación xeral das alternancias de diátese¹⁹. En calquera caso, o certo é que estas sorpresivas ausencias eliminan do horizonte do discurso dos respectivos autores unha peza incómoda de encaixar.

19 En realidade as autoras inclúen un suposto exemplo non pronominal de media estativa (*Los niños crecen rápidamente*, na páx. 140, seguramente inducido polo par positivo do verbo inglés *to grow*: *A grows B → B grows*), que na nosa opinión non debe analizarse como tal media de estado, senón como unha construción inacusativa básica (non derivada) de proceso: *los niños* son experimentadores do proceso *crecer*, e é a configuración temporal/aspectual da oración (non a construción en si) o que conduce a unha interpretación estativa dalgo que en realidade non é máis que un evento (proceso) de interpretación xenérica. As autoras non abordan a cuestión da presenza/ausencia de clítico, consonte co seu modo de operar no que establecen as oposicións diatéticas baseándose en criterios semánticos, non formais (cuestión sobre a que volveremos máis adiante, § 5.3.4), polo que nada máis trascende que a inclusión do devandito exemplo sen *se*.

Nun posterior e moi recente traballo (Fernández, Vázquez e Martí 2002) aparecido nesta mesma revista cando o meu artigo estaba listo para a súa entrega (en 2003), as mesmas autoras refírense xa explicitamente á

Mendikoetxea salienta claramente a necesidade de delimitar as propiedades formais da voz media fronte ás outras para que se poida identificar como tal categoría na lingua (repíte nas pp. 1639 e 1653). Nese senso, ensaia unha pormenorizada caracterización contrastiva entre as construcións medias e as pasivas con *se* (consonte a súa terminoloxía). Destaca dúas propiedades formais fundamentais: a) as medias adoitan aparecer co suxeito anteposto, fronte á máis habitual posposición das pasivas, aínda que tamén se pode dar a distribución contraria, e b) as medias amosan aspecto verbal imperfectivo ou xenérico, fronte á ausencia de restricción aspectual das pasivas. Adicionalmente lembra que o suxeito das medias acostuma ser un ente inanimado (v. *supra*), sen que haxa unha restricción parella nas pasivas; que as medias precisan unha modificación adverbial (v. *supra*), á que as pasivas son indiferentes; e que os tipos de verbos que aparecen nunhas e noutras construcións son basicamente os mesmos. Obsérvase que da caracterización contrastiva non se desprende unha delimitación de estruturas distintas. Ben ó contrario, as medias con *se* aparécense como unha subclase das que a autora chama pasivas con *se*, idea que ela mesma explicita reiteradamente (pp. 1641, 1654, 1666). Alude Mendikoetxea igualmente a “la falta de una diferenciación clara entre las estructuras medias y las pasivas” (p. 1656, n. 30) e recoñece que en determinados contextos non é doado diferencialas²⁰.

A consideración da construción media (con *se*) como unha variante da pasiva reflexa aparece tamén noutros autores. Tal é o caso, por exemplo, de Cifuentes (1999), quen por esa vía analiza como medias oracións que violan as restriccións aspectuais e temporais características destas, como ilustran os seguintes exemplos, que dificilmente se poden considerar construcións medias:

- (38) a. El año pasado, el libro de Jiménez se leyó mayoritariamente.
b. En ciertas iglesias, la Biblia se estudia a las siete de la mañana.

posibilidade de que este tipo de construcións medias “puede adoptar también una forma no pronominal” (p. 396), pero achegando de novo só a información duns poucos exemplos nos que se constrúe sen clítico, ben sempre (*el agua hierve a los 100°*) ou ben alternando opcionalmente coa presenza deste (*este tipo de enfermos engordan / se engordan mucho con este tratamiento*). Na nosa opinión, sen embargo, tampouco estes dous tipos de exemplos se deben analizar como medias de estado (asertivas) senón de proceso (as nosas anticausativas, v. *supra* § 4; ollo porque a terminoloxía das autoras non se corresponde coa nosa): *el agua* e *este tipo de enfermos* son Experimentadores dos procesos de *hervir* e *engordar*, respectivamente, e é novamente a configuración aspectual e temporal das oracións a responsable da interpretación xenérica que as achega á estatividade. Inclúen finalmente un claro exemplo de construción media asertiva (*este tejido seca rápido*), nidamente estativo (cfr. *el tejido es rápido de secar / tiene un secado rápido*), que as autoras restrictivamente consideran posible só nalgúns dialectos do español (non sabemos se aluden a unha variación diatópica ou doutro tipo, pois non a describen) e que xulgan unha variante (supoñemos que) meramente estilística da construción pronominal *este tejido se seca rápido*, forma canónica, para elas, da construción media de estado de nos que estamos a ocupar.

20 Nomeadamente, “cuando la diferencia aspectual no existe, es decir cuando el verbo de la oración pasiva es también imperfectivo, el significado medio y pasivo a menudo se confunden” (1999b: 1655). Ex.: *Estos libros no se venden*.

Aínda rexeitando estes ‘excesos’, tamén Vázquez, Fernández e Martí (2000) recoñecen que estas construcións con *se* “son ambiguas”:

pueden interpretarse como oraciones eventivas (construcciones anticausativas, pasivas o pronominales) o bien pueden tener una lectura estativa (construcciones medias). En el primer caso, el verbo denota una acción que se lleva a cabo en un tiempo y un espacio concretos, mientras que en el segundo una oración es interpretada atemporalmente y, por tanto, se predica sobre la propiedad de una entidad (p. 139).

O que ocorre é que esta indeterminación non parece ser algo conxuntural, que apunte á necesidade dun estudio máis afinado das propiedades formais contrastivas de ámbalas construcións propostas para axustar mellor a súa delimitación. Se dicimos que A é unha subclase da categoría B, daquela A e B non se poden caracterizar contrastivamente porque non son dúas estruturas distintas, senón unha soa (B, verbo da que A posúe, ademais de tódalas características definitorias da clase, unhas restricións adicionais propias). E se se afirma que o conxunto A é formalmente un subconxunto de B, débese concluír que tamén o é semánticamente (ou nocionalmente, se se quere) e tamén funcionalmente. Quere dicirse pois que entre A e B non hai dúas interpretacións semánticas distintas, senón unha soa (a de B, na que está subsumida a de A, que non é unha lectura distinta, senón unha especificación máis restrinxida de aquela), e asemade que A e B non son dous recursos lingüísticos distintos a dispor do falante para obter con eles cadanseus efectos pragmáticos, senón un único recurso (B) do que facemos uso nunha determinada variedade de circunstancias, entre as que as asociadas a A non son máis que unhas cantas das posibles.

En termos concretos: penso que nunha oración como *Estes libros non se venden* non temos dúas lecturas nin dúas estruturas sintácticas (como sostén Mendikoetxea 1999b: 1655), senón unha soa que expresa unha acción axencialmente indeterminada: ‘os libros non os vende ninguén’. Que non os vendan porque son exemplares gratuítos e non están á venda ou porque estando á venda ninguén os compra polo motivo que sexa (interpretacións media e pasiva, respectivamente, para a autora) son consideracións pertencentes á substancia do contido, á esfera da realidade que queremos comunicar, pero non son contidos codificados mediante estruturas sintácticas distintas.

5.3.4. O tratamento que demos en chamar ‘ortodoxo’ destas construcións medias, caracterizado sobre o patrón das medias inglesas, revela o meu modo de ver un xeito de operar que Jespersen denominaba hai ben anos *squinting-grammar*, a gramática feita coa vista torta mirando polo rabo do ollo para outro sistema, introducindo os feitos deste no propio sen a debida xustificación. Paradóxico estrabismo que leva a non ver diante do nariz unha estrutura idéntica á que nos inspira (cfr. *The shirt washes well - A camisa lava ben*), aínda que cun

rendemento sensiblemente menor en galego (que xustamente se explica, lémbrese *supra*, pola concorrencia da moi socorrida impersonal).

O modo de operar transparéntase claramente nas palabras de Mendikoetxea (e é moi fácil de atopar en moitas outras fontes), cando por exemplo recoñece que o estudio das oracións medias *en inglés*, no ronsel de Keyser e Roeper (1984) “ha sido muy útil a la hora de caracterizar las propiedades *universales* de las oraciones medias” (1999b: 1654, n. 27, cursivas miñas) para logo afirmar que en español, como en italiano, “una vez que se distinguen claramente la oraciones medias de las oraciones pasivas con *se*, no hay grandes diferencias entre las medias del español y las de lenguas como el inglés” (p. 1657, n. 30), que constitúe o patrón de corte das propiedades universais da media. O problema é que nunca se chega, nin parece que se poida chegar, a ‘distinguir claramente’ ámbolos tipos de construcións con *se* propostos²¹. A análise do propio exemplo que leva á autora a facer esta afirmación é, como imos ver, significativo.

Consonte a expresa convicción da substancial identidade entre medias inglesas e romances (con *se*), Mendikoetxea analiza a oración *Las montañas se ven fácilmente* como pasiva e non media, en xusta correspondencia coa súa agramaticalidade como media en inglés (**These mountains see easily*). A interpretación é impecable en tanto que “no se predica una cualidad inherente al sujeto *las montañas*, sino que se trata de una situación ajena al sujeto gramatical” (1999b: 1657 n. 30), pero o certo é que posúe tódolos trazos formais cos que ela caracteriza (que non delimita) contrastivamente a media fronte á pasiva: suxeito anteposto e inanimado, aspecto imperfectivo, equivalencia coa perífrase ‘*ser* + adxectivo deverbal en *-ble*’ indicadora de interpretación estativa, presenza de modificación adverbial, etc. Por contra si é media *Las luces reflectantes se ven fácilmente*, pois agora se predica do suxeito unha cualidade inherente (*ibid.*). Pero ámbalas oracións presentan as mesmas propiedades formais, e isto debe prevalecer sobre unha diferenciación con bases puramente nocionais ou lóxicas. Os contidos, para seren lingüísticamente relevantes, teñen que ser contidos distinguidos na lingua mediante elementos do plano da expresión, que só poden ser distintivos sendo eles mesmos distintos. A gramática é unha interpretación de significados, pero só de significados de formas. Poderían exporse a este respecto moitos argumentos, pero non é cousa de estenderse agora neles. Limitareime a achegar só un de autoridade, citando unhas verbas de Hjelmslev (1933: 20-21), que, paréceme, ben podería ter escrito ó fío do tema que nos ocupa:

21 Neste senso paréceme clarificadora a recente formulación de Anna Bartra Kaufmann, sobre o catalán. Tras lembrar que “en algunes tradicions, bàsicament anglosaxones i francòfones, es distingueixen les oracions anomenades *mitjanes*”, afirma: “El fet de separar-les com un tipus de «veu» especial té sentit en llengües que no disposen de passives pronominals equivalents a les del català. En la nostra llengua és difícil trobar arguments formals de pes que permetin de diferenciar-les de les construccions pronominals de subjecte inespecífic” (Bartra 2002: 2164-5), polo que prefere denominalas “construccions pronominals genèriques”.

Tout fait linguistique est un fait de valeur et ne peut être défini que par sa valeur. Un fait linguistique se définit par la place qu'il occupe dans le système, et cette place lui est assignée par la valeur. Pour les éléments et les catégories significatifs, la valeur est identique au minimum différentiel de signification. Il s'ensuit qu'une catégorie grammaticale ne peut être définie que par quelque trait significatif. Le caractère particulier de l'expression est toujours sans aucune importance pour la définition linguistique. Deux langues peuvent posséder une même catégorie ... même si en passant de l'une de ces deux langues à l'autre les moyens d'expression diffèrent du tout au tout.

D'autre part, si l'expression est sans importance pour la définition des faits linguistiques, les faits différentiels de l'expression sont indispensables lorsqu'il s'agit de reconnaître ce qui est de la langue et ce qui n'en est pas. Les différences linguistiques sont définies comme des différences du signifiant accompagnées de différences du signifié. C'est dire que le linguiste est obligé de tenir compte de toute différence de cet ordre, et d'ignorer toutes autres sortes de différence.

Consonte o exposto no primeiro parágrafo da cita, as diferencias de expresión (por mor do clítico) entre as medias inglesa e romance serían irrelevantes, en tanto que parece haber correspondencia no valor significativo de ámbalas estruturas. Pero en galego (e en español e portugués, cando menos, tamén) ese valor de significado que se lle atribúe á suposta media con *se* non é un feito lingüístico, pois carece de soporte no plano da expresión. Para identificar esta construción media con *se* procédese a xebrar da construción de *se* impersonal un subconxunto que non se dá delimitado formalmente e que por tanto non se pode considerar unha construción lingüística de seu.

Queda claro que os contidos da media inglesa (de estado) se poden traducir moi aproximadamente por construcións pronominais impersonais galegas (de acción) en contextos aspectuais xenéricos e cunha modificación adverbial modal. Porque unha acción xenérica e sen Axente se achega moito nocionalmente a un estado no que se lle atribúe algunha propiedade a un obxecto. Pero tamén queda claro que dese xeito non definimos unha estrutura lingüística do galego, senón en todo caso unha estratexia de tradución do inglés para o galego. E máis claro me parece aínda que en galego existe unha construción que transmite o mesmo valor de contido cá media inglesa e que, ademais, está formalmente diferenciada no propio sistema da lingua. E, aínda que limitada na súa rendibilidade, non se pode esquecer esta construción nin como estrutura propia da sintaxe do galego nin como estratexia de tradución para o galego, desde o inglés e desde outras moitas linguas.

6. APÉNDICE: CONSTRUCCIÓN PRONOMINAIS E FORMACIÓN DE PREDICADOS

A caracterización das propiedades das medias anticausativa e asertiva nas seccións precedentes levounos a un reiterado contacto cun conxunto de estruturas dotadas dun enorme e diverso rendemento funcional en galego: as chamadas construccions pronominais (en diante, CP). Na secc. 4 topábase co clítico *se* como marcador do carácter derivado da construcción anticausativa, fronte á súa interpretación alternativa como predicación construída sobre un verbo pronominal básico. Na secc. 5 acabamos de analiza-la media estativa como carente de marca de derivación ningunha, fronte á construcción de *se* impersoal, nocionalmente próxima, pero non vinculada a un proceso de derivación intransitivadora. Non extrañan estas repetidas conexións, toda vez que unha das grandes liñas de caracterización global das CP consiste en atribuírle ó clítico un valor funcional unitario como morfema de intransitivación (cfr. Cidrás 1990: 351, Mendikoetxea 1999b: 1651). Paréceme útil, pois, remata-lo traballo cunha caracterización de conxunto das CP en relación cos procesos de formación de predicados detransitivados, que nos axudará a completar unha visión máis integrada do tema que nos ocupa, así como a pechar certas cuestións abertas e non completamente resoltas nos parágrafos precedentes²².

Cómpre en primeiro termo lembrar que a forma *se* (como as restantes do seu paradigma) non é realmente un pronome, senón un clítico, de orixe pronominal e especificamente reflexiva, pero que sincronicamente non pode ser categorizado como pronome: non é un elemento gramatical que apareza en lugar dun nome ou dunha frase nominal, substituíndoos. Daquela, etiquetas como ‘construcción *pronominal*’ ou ‘*pronome reflexivo*’ resultan inapropiadas, aínda que por comodidade e por estaren moi asentadas as utilizamos nalgúns casos. Pero en realidade o comportamento sintáctico dos pronomes e dos clíticos difire radicalmente. Os pronomes son morfemas libres, dotados de interpretación léxica contextual mediante cohesión referencial, que ocupan unha posición argumental, desempeñan función sintáctica e mesmo poden aparecer sós formando enunciados. Os clíticos, por contra, son morfemas verbais que se limitan a marcar no contorno do verbo as funcións sintácticas dos argumentos que este selecciona, pero eles mesmos carecen de estatuto léxico, non ocupan posición argumental e non desempeñan función sintáctica.

Chegados a este punto, queda claro o paralelismo existente entre clíticos e morfemas número-persoais, que teñen en común a súa orixe pronominal, a súa natureza cohesiva e a súa condición de marcadores de función sintáctica por concordancia. Fronte á conxugación subxectiva (=marcadora de Suxeito) do afixo número-persoal, os clíticos deseñan unha sorte de concordancia obxectiva, marcadora da función dos argumentos internos como comple-

22 Para unha proposta de caracterización e clasificación das construccions pronominais en galego, véxase Cidrás (1991).

mentos do verbo. En tanto que elemento nuclear xerador da predicación, o verbo encerra o programa constructivo desta e tamén as marcas formais de concordancia para a identifica-la función dos argumentos subcategorizados.

O *se* é un clítico certamente peculiar, por mor dun sobrecargo funcional que o fai moi polivalente. De acordo coa caracterización xeral dos clíticos exposta, distinguiremos tres grandes grupos de CP, atendendo ó tipo de morfema verbal que en cada caso constitúe o clítico *se* e asemade ó seu modo de incidencia nese programa constructivo que chamamos marco predicativo.

(1) En primeiro lugar está o *se* morfema flexional obxectivo, que identifica a función de OD e (máis restrictivamente) de OI, do segundo ou, no seu caso, terceiro argumentos. Compórtase daquela do mesmo xeito que os seus correspondentes clíticos da serie oblicua (acusat. *o, a, os, as, ;* dat. *lle, lles*), fóra de que o fai marcando a identidade referencial da entidade que ocupa o argumento interno en cuestión (x_2/x_3) coa insertada no argumento externo (x_1), a onde remite para recupera-la información. Atopamos este *se*, coas correspondentes formas de primeira e segunda persoa, nas CP chamadas reflexivas e recíprocas (directas e indirectas).

Este grupo constitúe o núcleo primitivo das construcións pronominais. Como pronome persoal que era *se* en latín, en principio remitía só, en contextos reflexivos, a persoas ou seres animados, pasando logo, no propio latín, a poder construírse con obxectos inanimados mediante un proceso de animización e personificación que, co paso do tempo e o desgaste do uso, acaba por se neutralizar. Ábrese así a porta, xa nos romances, á gramaticalización de novas estruturas sintácticas, nunha dinámica aínda non asentada que dá lugar en galego a dous novos grandes tipos de CP.

(2) Por unha banda atopamos un *se* morfema flexional subxectivo, que apunta ás relacións do verbo co primeiro actante, marcando que o lugar deste non foi enchido lexicamente, co que a construción adquire un sentido impersoal. A integración do *se* no ámbito da concordancia subxectiva ten lugar unha vez que, por cousa desa propia vacuidade, o papel de identificación do Suxeito que lle corresponde á flexión número-persoal queda inoperante. Atopamos este *se* nas CP chamadas impersoal e pasiva reflexa, que no actual estado de lingua non constitúen senón un único tipo de esquema oracional (*se*-impersoal), que amosa unha notable inestabilidade formal²³.

23 En efecto, as diverxencias formais que se atopan na base da sempre conflictiva adscripción destas construcións, ora ó esquema das activas impersoais, ora ó das pasivas reflexas, son na nosa opinión manifestación dunha indeterminación (non decantamento) nas marcas de función sintáctica, derivada do baleiramento léxico do primeiro actante. O *se* é índice dunha posición argumental baleira, á que por tanto non se lle pode asignar función sintáctica. En consecuencia, a asignación dese tipo de funcións ó segundo actante perde tamén relevancia, ó deixar de ser opositiva. De aí a ambivalencia da maioría das construcións pronominais impersoais á hora de adscribirse a algún dos dous grandes tipos tradicionalmente considerados, que por outra banda non se opoñen informativamente por unha contraposición de voz (activa vs. pasiva). Para especificacións máis detalladas, véxase Cidrás (1990, 1991).

(3) Paralelamente, desenvólvese tamén nas linguas romances un terceiro tipo de *se* que podemos denominar marcador léxico. O clítico *xa* non é agora un afixo que nos informe das relacións sintácticas do verbo cos seus argumentos, senón que se converte en marca gramatical dun significado léxico adicional do verbo. Salta pois da esfera das posicións argumentais para integrarse na entrada léxica. Trátase dun grupo relativamente heteroxéneo do que forman parte as construcións anticausativas marcadas con clítico, así como en xeral tódolos verbos (ou acepcións verbais) que veñen presentados no dicionario como *v.pron.*

De xeito esquemático e en abstracto, podemos representar graficamente a incidencia do clítico *se* no marco predicativo da maneira que segue (con cada tipo de *se* subindexado convencionalmente a efectos de mera comodidade):

$$(39) \quad \begin{array}{cccc} V____ & (x_1____) & (x_2____) & (x_3____) \\ \uparrow & \uparrow & \uparrow & \uparrow \\ SE_3 & SE_2 & SE_1 & (SE_1) \end{array}$$

Cada tipo de clítico está codificado conforme unha estratexia de interpretación distinta:

- 1) SE_1 lese: $x_2 (/x_3) = x_1$ [interpretación reflexiva (ou recíproca)].
- 2) SE_2 lese: $x_1 = \emptyset$ [interpretación impersonal].
- 3) SE_3 lese: Pred. = V.pron. [interpretación léxica].

Como xa se apuntou, o clítico *se*, en calquera dos seus tipos, pode ser visto como involucrado na produción de construcións cun moi baixo grao de transitividade, mesmo como unha marca dunha sorte de diátese recesiva, intransitivadora (v. Moreno 1991: cap. xxii). En efecto, as CP reflexivas, impersonais, anticausativas e o mesmo outras lexicalizadas amosan algún xeito de simplificación actancial. Sen embargo, de acordo coa nosa abordaxe, unicamente os clíticos impersonal (SE_2) e léxico (SE_3 , especificamente o anticausativo) están vinculados a alternancias ambitransitivas, e só as construcións anticausativas deben ser vistas como un produto derivado mediante formación de predicados con redución argumental, consonte o aquí defendido.

Esta formulación diverxe notablemente da abordaxe desenvolvida por Dik na súa Gramática Funcional. Por unha banda, xa nos referimos criticamente ó seu tratamento das anticausativas como predicacións básicas. Por outra, analiza as reflexivas, recíprocas e impersonais (pseudo-reflexas, chámalles), xuntamente coas transitivas en construción absoluta (co segundo argumento non-especificado, tipo *Os homes non lavan*) como produtos de derivación intransitivadora: “as detransitivized or argument-reduced predicates, with a more general intrinsic content along the lines of: ‘the n -place relation R_n applies to $n-1$ entities” (Dik 1983: 250). A forma *se* (ou afín) que en moitas linguas aparece nestas construcións enténdese como a marca do carácter detransitivado do predicado derivado e as diferentes

construcións implicadas non se ven propiamente como tales senón apenas como distintas interpretacións dese devandito contido xenérico intrínseco (1983: 240)²⁴. Especificamente teríamo-las seguintes posibilidades, non sempre implicando CP:

- | | |
|---|--|
| (40) Construcións con redución de argumento | |
| (a) Redución de x_1 (interpret. impersoal) | Ex.: <i>Non se lavaron as camisas.</i> |
| (b) Redución de x_1 (interpret. media) | Ex.: <i>Esas camisas lavan fatal.</i> |
| (c) Redución de x_2 (interpret. non-específica) | Ex.: <i>Os homes non lavan.</i> |
| (d) Redución de x_2 (interpretación reflexiva) | Ex.: <i>O home lavouse.</i> |
| (e) Redución de x_2 (interpret. recíproca) | Ex.: <i>Os homes insultáronse.</i> |

Todos estes predicados son, pois, para Dik, derivados con redución actancial: constrúense con n-1 argumentos. Afirmo que todos eles teñen dalgún xeito unha valencia “aberta” (resta unha posición argumental sen explicitar) que debe ser satisfeita (1997: 14). Diverxen na maneira como iso se verifica: nas ocorrencias (a, b, c) a valencia satisfaise segundo o autor mediante unha interpretación de-actualizada; nas outras (d, e) conectando o predicado dúas veces ó mesmo argumento. Pero sempre mediando regra de formación de predicados.

Na miña opinión, e no que respecta ás construcións impersoal e absoluta (40a,c), coído que o concepto de valencia “aberta” non debe levar a unha interpretación derivada de-actualizada senón que se pode explicar como un argumento inherente ou latente, dun xeito máis sinxelo e sen facer intervi-la compoñente de formación de predicados. Porque en realidade non hai, penso, máis que un predicado cun único marco predicativo, verbo do cal estas ocorrencias impersoais e absolutas non introducen nin redución de argumentos nin nin-gunha outra modificación do marco predicativo. Unicamente acontece unha non especificación léxica dun dos seus argumentos, que se deixa sen ocupar; pero iso non implica modificación do marco predicativo nin por tanto derivación dun novo predicado. O carácter nuclear dun argumento comporta a súa necesidade estrutural para definir un determinado estado de cousas, non a súa necesidade real na expresión lingüística final, que con certa frecuencia se excusa por diversos motivos.

Distinto é o caso da construción que analizamos como media estativa (40b), sen clítico. *Esta camisa lava fatal* é unha predicación de estado, a diferenza das restantes supostamente derivadas (40a,c,d,e), que son accións, consonte o carácter do predicado básico *lavar*. Hai pois un cambio de estado de cousas mediante un mecanismo sincronicamente produc-

24 En Dik (1983) considerábanse tódalas construcións implicadas produto dunha única regra de Formación de Predicados Detransitivados, de formulación moi xenérica. Na súa derradeira formulación (Dik 1997) divídense en dúas regras: unha de Redución do Primeiro Argumento, de onde saírían tanto as impersoais como as nosas medias estativas, e outra de Redución do Segundo Argumento, de onde se obterían as reflexivas, recíprocas e non-específicas (ou absolutas), pero sempre como distintas interpretacións posibles dunha regra de derivación.

tivo, que debe explicarse mediante unha regra de formación de predicados como a formulada en (27), conforme quedou exposto na sección precedente.

Finalmente, polo que respecta ás construcións reflexivas e recíprocas (40d,e), con con SE₁, paréceme inapropiada a súa interpretación como derivadas intransitivadas nas que a valencia “aberta” se satisfai conectando o predicado dúas veces ó mesmo argumento, como sostén Dik. Considero máis axeitado falar de termos (referentes de entidades dalgún mundo) que funcionan dúas veces como argumento nunha mesma predicación, ó seren insertados dúas veces: unha na primeira posición argumental, outra na segunda (ou na terceira, no caso das reflexivas e recíprocas indirectas). Pero non hai, en puridade, redución de argumentos. Máis alá da percepción de certo grao de intransitivación nocional²⁵, en termos estritamente lingüísticos as CP reflexiva e recíproca posúen a mesma estrutura sintáctica e semántica que as súas correspondentes oblicuas. Unhas e outras deben, pois, ser analizadas como produtos dun único marco predicativo (por exemplo (41a) *infra*). Difiren só na peculiar especificación léxica, no caso da reflexiva, do segundo argumento, no que se inserta o mesmo ítem lexical que xa fora insertado na posición do primeiro argumento, como referente dunha única entidade do mundo (41c vs. 41b). Na compoñente das regras de expresión bloquéase finalmente a posibilidade de reiterar fonicamente ese ítem, de onde xorde a marca *se* (41c’), coa súa propia estratexia de recuperación contextual da información suprimida²⁶. Repárese:

- (41) a. lavar_v: (x₁: <hum.>) (x₂: <entidade material>)
 → b. lavar_v: (x₁: María) (x₂: a camisa)
 → b’. *María lava a camisa.*
 → c. lavar_v: (x₁: María) (x₂: María)
 → c’. *María lávase* (cfr. **María lava a María*).

En canto as CP co clítico formante léxico (= con SE₃), unicamente as anticausativas parecen produto da compoñente de formación de predicados, consonte o aquí argumentado. Existen de certo outros predicados pronominais con SE₃, pero que semellan ter carácter básico ó non seren orixinados por regras de formación sincronicamente productivas. Non poucos destoutros verbos pronominais son, por exemplo, lexicalizacións de construcións sintácticas reflexivas (como é o caso de *portarse*, *prestar*, *fixarse*, que xorden de usos propiamente reflexivos de *portar*, *prestar*, *fixar* mediante un proceso de especialización semántica (Cidrás 1991: 118-119)). Pero este tránsito de SE₁ a SE₃ non semella produto de regra

25 Refírome á percepción de que a identidade referencial de Suxeito e Obxecto implica de feito a redución do número de entidades-do-mundo distintas implicadas no evento, é dicir, unha simplificación do elenco de participantes. Pero iso non supón unha redución do número de argumentos pois un mesmo participante pode desempeñar asemade dous papeis.

26 No caso da CP recíproca, a estratexia de recuperación da información é substancialmente a mesma (remítese a x₁) aínda que se verifica dun xeito máis complexo, con entidades plurais e os roles cruzados.

de formación de predicados, polo que estamos ante predicados básicos almacenados no Lexicón como verbos pronominais. Concluímós, pois, que de tódalas CP unicamente as anticausativas deben ser caracterizadas como predicados derivados por redución actancial.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bartra Kaufmann, A. (2002): “La passiva i les construccions que s’hi relacionen”, en J. Solà et al. *Gramàtica del català contemporani*. Barcelona: Empúries, pp. 2111-2179.
- Catalá, N. / S. Martí / S. Vallhonrat (2002): “Algunas observaciones sobre las construcciones medias en español”, *Verba* 29, pp. 365-387.
- Cidrás, F. (1990): *Construccions pasivas en galego*. Tese de Doutoramento. Univ. Santiago. Ed. microficha. Santiago: Universidade, 1991.
- Cidrás, F. (1991): “As construccions pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización”, en M. Brea / F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, vol. 1, pp. 101-125.
- Cidrás, F. (1996): “Manifestacións de incorporación en galego”, en *Actas do I Congreso Internacional “A lingua galega: historia e actualidade” (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago: Universidade (en prensa).
- Cidrás, F. (2001): “Construccions medias e impersoais con *se* como construccions sintácticas distintas en galego (e noutras linguas)”, en X. L. Regueira / A. Veiga (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago: Universidade, pp. 71-81.
- Cifuentes, J. L. (1999): *Sintaxis y semántica del movimiento. Aspectos de gramática cognitiva*. Alicante: Instituto de Cultura Juan Gil-Albert.
- Comrie, B. (1978): “Ergativity”, en W. P. Lehmann (ed.), *Syntactic typology: Studies in the Phenomenology of Language*. Austin: University of Texas, pp. 329-394.
- Demonte, V. (1991): “Sobre agentes experimentantes y objetos afectados. El dilema del lexicista”, en *Detrás de la palabra. Estudios de gramática del español*. Madrid: Alianza, pp. 23-68.
- Dik, S. C. (1983): “On the status of verbal reflexives”, en L. Tasmowski / D. Willems (eds.), *Problems in Syntax*. Ghent: Communication & Cognition, pp. 231-255.
- Dik, S. C. (1989): *The Theory of Functional Grammar. Part 1. The Structure of the Clause*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, 1997 (2ª ed. revisada).
- Dik, S. C. (1997): *The Theory of Functional Grammar. Part 2. Complex and Derived Constructions*. Editada por K. Hengeveld. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.
- Dixon, R. M. W. (1987): “Studies in Ergativity. Introduction”, *Lingua* 71, pp. 1-16.

- Fagan, S. (1988): "The English Middle", *Linguistic Inquiry* 19, pp. 181-203.
- Fagan, S. (1992): *The Syntax and Semantics of Middle Constructions*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Fernández, A. / G. Vázquez / M. A. Martí (2002): "Alternancias diatéticas relacionadas con el aspecto", *Verba* 29, pp. 389-402.
- Foley, W. A. / R. D. Van Valin, (1984): *Functional Syntax and Universal Grammar*. Cambridge: Cambridge University Press.
- González Romero, L. (1996): "Construcciones medias en inglés y en español", en M. Martínez Vázquez (ed.), *Gramática contrastiva inglés-español*. Huelva: Universidad, pp. 113-141.
- Halliday, M. A. K. (1967): "Notes on transitivity and theme in English (Part I)", *Journal of Linguistics* 3/1, pp. 37-81.
- Hjelmslev, L. (1933): *La catégorie des cas. Étude de grammaire générale. 1^{ere} Partie*. Aarhus: Universitetsforlaget. Cito pola reimp. en München: W. Fink, 1972.
- Kahrel, P. (1985): "Some aspects of derived intransitivity", *Working Papers in Functional Grammar* 4.
- Keyser, S. J. / T. Roeper, (1984): "On the middle and ergative constructions in English", *Linguistic Inquiry* 15, pp. 384-416.
- Levin, B. (1993): *English Verb Classes and Alternations. A Preliminary Investigation*. Chicago / London: The University of Chicago Press.
- Lyons, J. (1968): *Introduction to Theoretical Linguistics*. London: Cambridge University Press.
- Martínez Vázquez, M. (1996): "Lexical Ergativity in English and Spanish", en M. Martínez Vázquez (ed.), *Gramática contrastiva inglés-español*. Huelva: Universidad, pp. 25-44.
- Martínez Vázquez, M. (1998): *Diátesis. Alternancias oracionales en la lengua inglesa*. Huelva: Universidad.
- Mendikoetxea, A. (1999a): "Construcciones inacusativas y pasivas", en I. Bosque / V. Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española / Espasa, pp. 1575-1629.
- Mendikoetxea, A. (1999b): "Construcciones con *se*: Medias, pasivas e impersonales", en I. Bosque / V. Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española / Espasa, pp. 1631-1722.
- Moreno Cabrera, J. C. (1984): "La diátesis anticausativa. Ensayo de Sintaxis General", *Revista Española de Lingüística* 14, pp. 21-43.
- Moreno Cabrera, J. C. (1991): *Curso Universitario de Lingüística General. I: Teoría de la Gramática y Sintaxis General*. Madrid: Síntesis.

- Moreno Cabrera, J. C. (1997): *Introducción a la Lingüística. Enfoque tipológico y universalista*. Madrid: Síntesis.
- Radford, A. (1997): *Syntax. A Minimalist Introduction*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Siewierska, A. (1991): *Functional Grammar*. London / New York: Routledge.
- Vázquez, G. / A. Fernández, / M. A. Martí, (2000): *Clasificación Verbal. Alternancias de diátesis*. Lleida: Universitat.
- Villar, F. (1983): *Ergatividad, acusatividad y género en la familia lingüística indoeuropea*. Salamanca: Universidad.